

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A  
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRE-RECOLLIDA,  
RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS  
SÓLIDOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS  
DO MORRAZO**



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

## ÍNDICE

Capítulo 1 . OBXECTO DO CONTRATO .....	3
Capítulo 2 . ÁMBITO DE CONCESIÓN .....	3
Capítulo 3 . DEFINICIÓN DO SERVIZO .....	3
Capítulo 4 . CONDICIÓNS XERAIS .....	5
Capítulo 5 . PERSOAL.....	5
Capítulo 6 . INSTALACIÓNS FIXAS.....	7
Capítulo 7 . MATERIAL MÓBIL E MAQUINARIA .....	8
Capítulo 8 . INVENTARIO.....	10
Capítulo 9 . SERVIZOS COMÚNS .....	11
Capítulo 10 . PLANIFICACIÓN DO TRABALLO.....	12
Capítulo 11 . SISTEMAS DE VIXILANCIA E CONTROL.....	12
Capítulo 12 . CAMPAÑA INFORMATIVA DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ.....	14
Capítulo 13 . COBRO A VECIÑOS .....	15
Capítulo 14 . CONSIDERACIÓNS XERAIS .....	17
Capítulo 15 . SERVIZO DE PRERRECOLLIDA .....	17
Capítulo 16 . SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE ....	20
Capítulo 17 . ORGANIZACIÓN DO SERVIZO .....	22
Capítulo 18 . RECOLLIDA NON DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.....	22



## **Capítulo 1 . OBXECTO DO CONTRATO**

O presente prego de prescricións técnicas ten como finalidade a regulación das condicións no ámbito do obxecto contractual referido no prego de cláusulas administrativas.

A Mancomunidad de Concellos do Morrazo convoca a concurso os servizos de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia dos residuos sólidos urbanos e asimilables xerados na Mancomunidad, así como, a adecuación da planta de compostaxe-reciclaxe que a Mancomunidad adscribe ó servizo como base de operacións e que será onde se realice a transferencia dos residuos para o seu transporte a SOGAMA

Cada un destes servizos realizaranse nos termos que se indican nos capítulos sucesivos definíndose cada un deles no ámbito territorial e funcional. Así mesmo, será de aplicación o establecido nos plans de xestión de residuos e normativas vixentes.

## **Capítulo 2 . ÁMBITO DE CONCESIÓN**

### ***SECCIÓN 1ª: ÁMBITO TERRITORIAL***

O ámbito territorial do contrato é a Mancomunidad de Concellos do Morrazo, é dicir, todo o ámbito territorial dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña.

### ***SECCIÓN 2ª: ÁMBITO FUNCIONAL***

Os servizos que comprende o presente concurso son a prerrecollida, recollida, transporte e transferencia dos residuos sólidos urbanos, así coma os servizos comúns necesarios para o desempeño dos anteriores e o control de calidade do servizo que quedan totalmente descritos nos sucesivos capítulos do presente Prego de Condicións Técnicas.

## **Capítulo 3 . DEFINICIÓN DO SERVIZO**

### ***SECCIÓN 1ª: DEFINICIÓN DE LIXO***

A efectos deste prego entenderase como lixo ou residuo sólido urbano:

- Os desperdicios de alimentación e consumo doméstico.
- Os desperdicios asimilables a urbanos de mercados e establecementos comerciais e industriais convenientemente embolsados e depositados dentro dos contedores normalizados instalados ao efecto.



- O po, as follas e, de forma xeral, todos os produtos procedentes da limpeza das vías públicas e dos parques e xardíns , convenientemente embolsados e depositados dentro dos contedores instalados ao efecto.
- O produto da poda das plantas, depositado en bolsas, sempre que o seu volume poida recollese nun recipiente normalizado.
- Desperdicios dos establecementos do ramo da hostalería embolsados e depositados dentro dos contedores instalados ao efecto.
- Os animais mortos que se atopen na vía pública.
- Os trastes, aparellos e mobles inútiles de carácter exclusivamente domiciliario.
- Desperdicios procedentes da limpeza das praias.
- Desperdicios procedentes da limpeza viaria.

Os licitadores deberán presentar unha oferta na que se definan os medios e a metodoloxía para realizar os servizos de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia do lixo xerado nos concellos da Mancomunidad.

## **SECCIÓN 2º.- SERVIZOS**

O modelo de xestión de residuos, a implantar na Mancomunidad pola empresa adxudicataria do servizo, virá definido pola separación de 4 fraccións de residuos: fracción resto, envases, papel-cartón e vidro.

Ademais a adxudicataria deberá facer a recollida doutras fraccións selectivas (voluminosos, pilas,...)

Os servizos obxecto do concurso son os seguintes:

- Prerrecollida: contenerización para recollida de fracción resto ( en cantidade suficiente para dar cabida ó lixo de dúas xornadas ) , para recollida selectiva de envases, papel-cartón e vidro, para recollida de pilas, mantemento, lavado e desinfección periódica de contedores.
  - Recollida diferenciada da fracción resto
    - Outras recollidas selectivas ou diferenciadas.
    - Recollida en porto e transporte a transferencia do lixo procedente da illa de Ons.
  - Transporte do lixo ao Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidad do Morrazo e aos centros recicladores.
  - Xestión da planta de Transferencia
  - Preparación de voluminosos para a entrega a xestor autorizado
  - Redacción do proxecto e execución das actuacións a realizar para a utilización do Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidad do Morrazo, como base do servizo, consistentes en:
    - construción de vestiario masculino e adecuación do existente para vestiario feminino;



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

- adaptación, si así se considera, das instalacións existentes para oficinas do servizo e control do acceso.
- instalación de fosa para depuración de augas de lavado e sistema de reutilización da mesma,
- reparación de portales exteriores do recinto e instalación de sistema de vixilancia que non permita a entrada de persoas alleas as instalacións.
- Servizos comúns.

#### **Capítulo 4 . CONDICIÓN XERAIS**

As empresas licitadoras deberán presentar as súas ofertas tomando como referencia que os tres concellos pertencentes a Mancomunidad -Bueu, Cangas e Moaña- xeraron en total no ano 2008 aproximadamente 28000 tn de residuos .

A adxudicataria deste concurso deberá dispor de todas as licencias e autorizacións que sexan precisas para a prestación do servizo contratado. É dicir, a adxudicataria, ao seu cargo, deberá solicitar e obter cantas licencias e autorizacións sexan precisas para prestar o servizo, así como, realizar cantos estudos sexan necesarios para elo. Se valorará positivamente cas empresas licitadoras teñan implantados sistemas de xestión de calidade e/ou de xestión ambiental.

Ao finalizar o contrato de concesión, as instalacións e maquinaria deberán estar en perfecto estado de funcionamento e conservación. A adxudicataria, un ano antes de que finalice o prazo de concesión, realizará unha auditoría do estado da totalidade do material afecto ao servizo, ao seu custo, a cal será entregada aos Servizos Técnicos da Mancomunidad. As deficiencias que se observen no estado de conservación e mantemento serán comunicadas á adxudicataria a cal deberá subsanar as deficiencias atopadas, de maneira que, unha vez finalizada a concesión, a maquinaria e instalacións se encontren en perfecto estado de funcionamento e conservación a satisfacción da Mancomunidad.

#### **Capítulo 5 . PERSOAL**

##### ***SECCIÓN 1º.- XENERALIDADES***

A adxudicataria disporá do persoal necesario para satisfacer correctamente as esixencias deste Prego, debendo cumprir, en todo momento, coa lexislación vixente e co convenio colectivo actualmente en vigor ( publicado no B.O.P. do día 03 de abril de 2009) que sexan de aplicación, respetando en todo momento o R.D. 2271/2004 de 03 de decembro sobre medidas alternativas que marca a LISMI

A adxudicataria estará obrigada a absorber a totalidade do persoal que, no momento de facerse cargo do servizo obxecto do concurso, figura adscrito ao servizo na plantilla da empresa actualmente concesionaria do contrato, mantendo, na súa totalidade, as condicións laborais de tódolos seus traballadores.



No referente a xestión da planta de transferencia a adxudicataria garantirá persoal con coñecementos e experiencia acreditada na xestión deste tipo de instalacións.

No anexo I móstrase unha relación laboral de carácter orientativo do persoal de obrigada subrogación no momento de elaboración deste prego xunto co convenio de aplicación ao persoal adscrito e por extensión ao de nova contratación.

A adxudicataria facilitará, sempre que lle sexa requirido polos Servizos Técnicos da Mancomunidad, canta información sexa necesaria para comprobar o axeitado cumprimento da normativa legal vixente en materia de persoal. En particular, a adxudicataria deberá entregar mensualmente unha relación do persoal laboral e copias dos impresos TC-1 e TC-2 correspondentes ao persoal adscrito á contrata no rexistro da Mancomunidad.

A adxudicataria comprométese a cubrir as baixas que se produzan no persoal que ocupa os postos de traballo por causa de vacacións, enfermidade, accidentes,...etc. sen que repercuta, en ningún caso, nun aumento na compensación económica por parte da Mancomunidad.

O licitador no seu presuposto detallará as previsións realizadas para ditas suplencias.

Se durante a posta en marcha os Servizos Técnicos da Mancomunidad constataren a necesidade de aumentar o persoal previsto para a eficiente realización das obrigas derivadas do presente Prego, a adxudicataria quedará obrigada a facelo sen aumento algún do prezo estipulado no contrato. Se o aumento de persoal viñera motivado por decisións da Mancomunidad relativas á ampliación e/ou mellora do servizo, a adxudicataria propondrá o plan de actuación máis conveniente para cubrir axeitadamente os novos obxectivos. Dito plan de actuación acompañarase da correspondente valoración económica e deberá ser sometido á aprobación polo órgano competente, previo informe ao respecto dos Servizos Técnicos da Mancomunidad.

Será total responsabilidade da adxudicataria axustar as condicións de traballo do persoal ao disposto na lexislación e convenios laborais vixentes. A Mancomunidad queda totalmente exenta de responsabilidade nas relacións laborais entre o contratista e o seu persoal.

A adxudicataria responsabilizarase da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía ou mal trato que o persoal observe, así coma do excesivo ruído ou danos que poidan producirse durante a prestación do servizo.

Os licitadores incluírán na súa memoria un organigrama cos postos de traballo asignados a cada servizo, incluíndo mandos, administrativos, persoal de taller e mantemento, etc. A modificación do organigrama aprobado deberá ser autorizado polos Servizos Técnicos da Mancomunidad.

## ***SECCIÓN 2ª.- VESTIARIOS E MEDIOS AUXILIARES***

O persoal da contrata irá uniformado e dotado dos medios de protección conforme se fixa na vixente normativa de Seguridade e Hixiene no traballo e convenio de aplicación.

Todo o persoal fixo ou eventual dos servizos deberá ir uniformado por conta da empresa. O tipo de uniforme será distinto no inverno e no verán.



A cantidade e calidade do vestiario para o persoal non será en ningún caso inferior a dous uniformes anuais, un de inverno e outro de verán; deberá complementarse en tempo de choiva con pezas impermeables de cor ben visible (reflectantes).

O persoal que efectúe o labor de recollida deberá ir provisto de chalecos reflectantes homologados co obxecto de que se desenvolvan os labores en condicións de seguridade.

O licitador deberá presentar unha relación detallada das pezas de vestiario, así como do material auxiliar que vai empregar cada operario, con expresión do custo anual dos mesmos.

Deberá cumprirse estritamente a lei 31 / 1995 referente a prevención de riscos laborais e o convenio colectivo en vigor.

### ***SECCIÓN 3ª.- INFORMATIZACIÓN DA XESTIÓN DO PERSOAL***

A adxudicataria será responsable da administración do servizo, limitándose a Mancomunidad a dispoñer da estrutura técnica de supervisión necesaria para establecer os plans, coordinar os traballos, controlar a realización do servizo e, en xeral, verificar e asegurar que a prestación está en condicións de satisfacer as súas esixencias operativas.

Os licitadores proporán a instalación e mantemento dun sistema informático para a planificación operativa e control do persoal, ao que terá acceso a Mancomunidad. Este sistema informático disporá polo menos das características necesarias para controlar e supervisar ao persoal que diariamente intervén na prestación dos servizos obxecto deste prego.

A adxudicataria estará obrigada a manter, unha oficina debidamente instalada para efectuar as labores administrativas.

### **Capítulo 6 . INSTALACIÓNS FIXAS**

A efectos deste prego considéranse instalación fixas:

- **Complexo Medioambiental de Tratamento de RSU da Mancomunidad do Morrazo, que albergará :**

- Garaxe-almacén-taller: instalación para a estancia e mantemento do material e vehículos e para a concentración e distribución do persoal do servizo de prerrecollida , recollida e transferencia. Inclúense as instalacións auxiliares (aseos, vestiarios, etc.) segundo o disposto na regulamentación vixente de seguridade e saúde laboral

- Oficina: actividades administrativas do servizo.
- Planta de transferencia

O Complexo Medioambiental de RSU está situado no polígono industrial do Alto da Portela en Cangas. No anexo II deste prego técnico inclúense o plano da implantación xeral.



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

O Complexo Medioambiental deberá ser acondicionado para a aceptación do lixo xerado nos concellos da Mancomunidad, para o posterior almacenamento das fraccións de voluminosos e RAEES e para a transferencia a planta de Sogama.

As instalacións deberán contar con zonas de duchas, vestiarios e aseos para o persoal, tanto para homes coma para mulleres, e haberán de ter en conta o acceso a persoas con minusvalías físicas.

Para aportar datos que permitan valorar a eficacia e viabilidade do sistema de traballo previsto, os licitadores deberán presentar os planos de distribución en planta a escala da instalación do garaxe-almacén-taller, con indicación das áreas diferenciadas existentes.

A adxudicataria deberá presentar os medios adecuados para efectuar as labores de garda e mantemento dos vehículos dende o momento de facerse cargo da concesión.

A adxudicataria estará obrigada a manter, unha oficina debidamente instalada co persoal administrativo necesario, con adicación exclusiva a este contrato.

A adxudicataria asumirá todos os gastos derivados das instalacións fixas, incluíndo os que seguen:

- Gastos de teléfono, auga, enerxía eléctrica,...
- Limpeza diaria da totalidade das dependencias.
- Desinfección, desinsectación e desratización periódica das mesmas.
- Reparación inmediata das deterioracións que sufra calquera elemento do parque de equipamento.
- Todas as instalacións deberán cumprir a non emisión de vibracións e/ou ruídos segundo o establecido na ordenanza municipal de aplicación.

## **Capítulo 7 . MATERIAL MÓBIL E MAQUINARIA**

### ***SECCIÓN 1ª.- XENERALIDADES***

Os licitadores deberán detallar a totalidade do material e maquinaria necesaria para a realización dos servizos contemplados neste prego de condicións distinguindo o que se cede en uso e o da nova adquisición. No anexo III preséntase unha relación dos vehículos e contenerización actuais, así como da maquinaria existente na planta que ten a consideración de parte integrante do Complexo

Toda a maquinaria e vehículos ofertados deberán ser minuciosamente descritos coa achega de consumos, emisións (de gases e sonoras), medidas, planos, croques, fotografías, vida útil e cantos datos se consideren necesarios. Ademáis, os vehículos deberán cumprir as normas referentes as emisións de gases de combustión (norma euro 5).

Os licitadores deberán presentar nas súas propostas unha oferta para a retirada dos vehículos e material non reutilizable.



Unha vez comence a concesión, a adxudicataria ten de prazo un mes para o ingreso da cantidade ofertada, correspondente á xestión do material non reutilizable, na conta da Mancomunidad.

A adxudicataria deberá dispoñer de cantos vehículos sexan necesarios para a prestación dos distintos servizos, substituíndo todos aqueles que considere necesarios, facendo constar na súa oferta o material adscrito aos mesmos, en canto a número e características, incluídos os vehículos de reserva.

Os licitadores poderán tomar como referencia para a presentación das súas ofertas os vehículos que se reflicten no Proxecto de Explotación da Mancomunidad .

Todos os vehículos empregaranse única e exclusivamente para realizar os traballos que esixa a prestación dos servizos obxecto deste Prego.

En todo momento o contratista deberá ter en funcionamento a maquinaria e material necesario para proporcionar os servizos, polo que se disporá dos equipos de reserva que se considere oportuno debendo detallar na súa oferta, a maquinaria dispoñible en cada servizo, así como a maquinaria de reserva en cada caso. Ademais indicarse para cada máquina o/os servizo/s aos que se destinará así coma os horarios dos mesmos.

Todos os gastos derivados da adquisición, instalación, conservación e xestión do material serán por conta da adxudicataria, debendo cada licitador considerar na súa proposta a vida útil da maquinaria e dos vehículos. Os licitadores deberán considerar nos seus proxectos a renovación do material móbil e a maquinaria. Os vehículos de recollida serán substituídos aos 8 anos e o resto da maquinaria segundo indiquen as prescricións sobre vida útil dadas polo fabricante. Os Servizos Técnicos da Mancomunidad poderán esixir a substitución dos vehículos e maquinaria se se considera que se están a incumprir os servizos ou se están causando molestias aos veciños debido a un deterioramento nos equipos.

## ***SECCIÓN 2ª.- CONDICIÓN E CARACTERÍSTICAS DA MAQUINARIA E MATERIAL MÓBIL***

A maquinaria e o material móbil elixiranse en función do uso ao que sexan destinados. Cada licitador deberá presentar na súa oferta capacidades, medidas, pesos, dimensións, potencias, emisións (sonoras e de gases), diámetros de xiro, consumos estimados e demais datos que irán en concordancia coas características das rúas da Mancomunidad –no caso dos vehículos do servizo de recollida e limpeza- e do servizo ao que se destinará cada máquina ou equipo.

No anexo IV deste prego preséntanse as características técnicas dos vehículos do servizo de recollida e prerecollida do lixo que deberán formar parte do proxecto de explotación.

Valoraranse positivamente aquelas ofertas que presenten maquinaria e vehículos con tecnoloxías innovadoras e/ou respectuosos co medio ambiente.



### ***SECCIÓN 3ª.- FERRAMENTAS***

Cada licitador deberá presentar na súa oferta unha relación de ferramentas manuais, mecánicas ou de outro tipo que empregará en cada servizo para o axeitado funcionamento do mesmo. Deberase ter en conta as ferramentas necesarias de reserva.

### ***SECCIÓN 4ª.- IMAXE E IDENTIFICACIÓN***

Todos os vehículos, deberán estar pintados e identificados coas cores, logotipos ou motivos que sexan indicados pola Mancomunidad, debendo levar ademais en lugares ben visibles, o nome e o logo da Mancomunidad.

Todos os vehículos que realicen traballos na beirarrúa, disporán da sinalización e sistemas de seguridade obrigatorios. Do mesmo xeito, os operarios adscritos a estes vehículos, contarán cos elementos de protección e seguridade que lles sexan de aplicación.

En canto aos aspectos relacionados coa imaxe cara o cidadán deberán cumprir:

- Normas de pintura que se precisen a través da homologación dos equipos que no seu intre se aproben.
- A estrita limpeza de todos os equipos.
- Mínimos niveis de ruído e contaminación permitidos.

### ***SECCIÓN 5ª.- MANTEMENTO DA MAQUINARIA E MATERIAL MÓBIL***

Os licitadores nas ofertas presentadas deberán indicar os sistemas de mantemento de maquinaria e dos vehículos.

A adxudicataria deberá dispor, nas instalacións do Complexo Medioambiental, dos materiais, aparellos e recambios para o funcionamento normal e as reparacións de rutina da maquinaria e vehículos

Así mesmo a adxudicataria deberá habilitar un taller para o mantemento dos vehículos do servizo de recollida e prerrecollida nas instalacións.

A adxudicataria comprometerase á conservación e mantemento de todos os vehículos e maquinaria cedidos pola Mancomunidad incluíndo o custo de todo tipo de seguros dende o mesmo momento da recepción de tales medios, polo tanto deberá proceder ao retorno das cantidades non consumidas dos seguros contratados no momento da súa recepción.

## **Capítulo 8 . INVENTARIO**

Unha vez iniciada a actividade, a adxudicataria presentará aos servizos técnicos da Mancomunidad un inventario no que se especificarán os bens mobles e inmoebles, a



disposición do servizo público, coa achega de toda a documentación necesaria para a identificación e valoración.

Ao comezo de cada ano e dentro do primeiro trimestre remitirase aos servizos técnicos da Mancomunidade, inventario actualizado que recollerá todas as variacións habidas no ano.

## **Capítulo 9 . SERVIZOS COMÚNS**

Comprende os servizos técnicos, administrativos, almacéns, control e vixilancia e análogos, que son comúns a totalidade dos servizos que se prestarán no Complexo Medioambiental adscrito ó servizo.

### ***SECCIÓN 1ª.- DIRECCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL***

A adxudicataria deberá contar cunha persoa con experiencia acreditada e suficientemente cualificada que estará a cargo do servizo e manterá contacto coa Mancomunidade. Dita persoa terá a dedicación exclusiva debendo atoparse localizable en todo momento.

Igualmente as instalacións deberán contar cun sistema de vixilancia e control permanente

### ***SECCIÓN 2ª.- ADMINISTRACIÓN***

A adxudicataria estará obrigada a manter, unha oficina debidamente instalada co persoal administrativo necesario. Á fronte da mesma estará o responsable directo do conxunto de servizos contratados. Na oficina localizarase o teléfono de atención ao cidadán e nel recibiranse: as posibles queixas polo anormal funcionamento do servizo, consultas, solicitudes de retirada de voluminosos,...etc. O servizo de atención telefónica prestarase polo menos cinco días á semana, de luns a venres. Servizo de recepción de entregas de residuos comerciais asimilables a urbanos, incluso pesada e emisión de albará Os licitadores describirán a organización de apoio na xestión da empresa detallando, mediante un organigrama, a estrutura administrativa do servizo.

### ***SECCIÓN 3ª.- GARAXE-ALMACÉN-TALLER***

Será obriga do contratista a organización e execución dos traballos de conservación e mantemento para que toda a flota de vehículos e demais material móbil existentes se atopen sempre en condicións óptimas de traballo.

Procederase tamén ao lavado dos vehículos coa frecuencia mínima dunha vez á semana.

Os licitadores nas súas ofertas deberán indicar co máximo detalle:



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

- Dotación do persoal e funcións a realizar .
- Relación de maquinaria e ferramenta específica a empregar.
- Plan de mantemento preventivo de vehículos e control diario de vehículos e maquinaria.

## **Capítulo 10 . PLANIFICACIÓN DO TRABALLO**

Como consecuencia dos traballos a realizar polos distintos equipos que se propoñen, os licitadores indicarán, na documentación relativa ao proxecto de organización do servizo, os aspectos organizativos que consideren de interese, concretando en particular:

- Organización detallada para todos os elementos persoais e materiais aportados.
- Sistemas de control de cantidade de medios humanos e calidade dos servizos que permitan proporcionar á Mancomunidad decote todos os datos requiridos de orde á xustificación dos traballos realizados.
- Relación de mandos propostos en todos os niveis coas súas funcións xerais, en posesión de carné de conducir clase C que garantice a cobertura de calquera urxencia que se poida presentar.
- Mantemento das instalacións fixas.
- Planificación operativa dos traballos.
- Xestión do persoal e seguros sociais.
- Para o control de presenza dos medios humanos adscritos a este contrato, a adjudicataria disporá de sistemas informáticos axeitados
- A Mancomunidad reservarase a facultade de introducir modificacións na organización dos servizos.

## **Capítulo 11 . SISTEMAS DE VIXILANCIA E CONTROL**

### ***SECCIÓN 1ª.- CONTROL DE CALIDADE E CANTIDADE***

Cada licitador deberá propoñer os controis de funcionamento que considere máis adecuados e que garantan en todo momento coñecementos suficientes sobre os residuos recollidos, resultado da separación e o resto de servizos prestados.

Dentro da organización proposta, os licitadores deberán prever uns dispositivos áxiles que permitan proporcionar a tempo todos os datos requiridos pola Mancomunidad, para que esta poida levar a cabo os controis que crea convenientes sobre o servizo proposto.

Os servizos contratados estarán sometidos permanentemente á inspección e vixilancia da Mancomunidad, quen poderá realizalas revisións de persoal e material que estime oportunas, en calquera intre e lugar. A inspección, terá acceso aos locais e



dependencias do servizo e seranlle facilitados cantos datos precise, respecto da organización do mesmo.

A adxudicataria deberá presentar os seguintes documentos á Mancomunidad:

- Parte semanal do programa previsto de servizos a realizar na semana entrante.

- Parte diario de incidencias acontecidas durante os distintos servizos do día anterior.

- Partes mensuais dos traballos realizados e de cantas circunstancias ocorran no servizo, quedando obrigada a adxudicataria a exhibir cantos documentos sexan precisos para o cumprimento desta obriga. Mensualmente a empresa adxudicataria remitirá aos servizos técnicos da Mancomunidad os partes necesarios onde se reflicten as incidencias ocorridas e un resumo da situación laboral, baixas por accidentes, enfermidades, faltas, etc

A adxudicataria tamén está obrigada a permitir todas aquelas actuacións encamiñadas a evitar calquera responsabilidade subsidiaria da Mancomunidad.

- Mensualmente remitirase aos servizos técnicos os TC1 e TC2 propios do servizo que se entregarán no departamento correspondente e unha relación do persoal.

- Mensualmente, a adxudicataria remitirá aos Servizos Técnicos da Mancomunidad escrito detallado das toneladas xestionadas no mes anterior, as recicladas e as enviadas a SOGAMA

- 

Así mesmo, a adxudicataria queda obrigada a preparar cantos informes e estudos relacionados cos servizos obxecto deste contrato lle sexan requiridos pola Mancomunidad.

O prezo do servizo será remunerada segundo o previsto, sempre que os servizos se fixeran con todos os equipos e a un nivel de rematado satisfactorio.

Para definir os posibles desvíos con respecto a estes dous condicionantes a Mancomunidad disporá de tres partes de información:

A. Os “partes diarios” do concesionario, onde debe sinalar as incidencias con respecto a programación prevista, e en particular a relación de equipos que non puideran facer unha labor, ou saíron incompletos.

B. “Control de calidade externo”, ao cargo da adxudicataria e posto a disposición da Mancomunidad, sobre a presenza de equipos previstos e do bo funcionamento da súa tarefa mediante dúas modalidades distintas no que se refire o seu obxectivo.

B1.Modalidade de “control estadístico”, levado a cabo por mostras tomadas a sortes que teñan por obxecto mediar por vía estatística unha porcentaxe de posibles incumprimentos totais ou parciais na prestación do servizo. A porcentaxe de incumprimentos tomados na mostra considerarase aplicable a todos os equipos iguais que fagan ese día o mesmo tipo de traballo sen que parte a isto podan alegarse motivos en contra.

B2. Modalidade de “control dirixido” levado a cabo sobre equipos, zonas, rúas...etc., supostamente deficientes, sendo o obxectivo destes controis a



confirmación ou non destas deficiencias sistemáticas e a solicitude dunhas modalidades correctas a empresa concesionaria, neste caso as repercusións sobre a certificación so afectará o servizo feito polo equipo involucrado.

En ambos casos a repercusión, sobre a certificación calcularase tendo en conta a porcentaxe xustificada e aproximada que, sobre o total dos servizos contratados, supoñan os incumprimentos ou anomalías detectadas.

C. A terceira fonte de información serán as queixas, suxestións e solicitudes recibidas pola adxudicataria por parte dos cidadáns. Esta información será aportada á Mancomunidad mediante unha aplicación informática en rede á cal a Mancomunidad terá acceso. Desta maneira rexistrarase diariamente a información relativa ao servizo que se reciba no teléfono de atención ao cidadán, ou por outros medios, de modo que se rexistre dita información co día no que foi recibida, as medidas a adoptar e o día no que se levan a cabo. Esta aplicación servirá a Mancomunidad e a adxudicataria para coñecer o estado do servizo e a opinión dos usuarios acerca do mesmo.

A Mancomunidad realizará unha auditoria anual do servizo, si como resultado da mesma se detectasen deficiencias na prestación do servizo ou incumplimentos contractuais a empresa deberá sin perxucio da tramitación do correspondente expediente sancionador ou da imposición de medidas correctoras, sufragar os custes derivados da realización dunha nova auditoria no prazo máximo de seis meses co obxecto de comprobar a situación do servizo.

## **Capítulo 12 . CAMPAÑA INFORMATIVA DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ**

A adxudicataria, baixo control da Mancomunidad, contratará a unha empresa especializada en educación ambiental (ou elaborará si dispón de medios) o deseño, desenvolvemento, organización e produción dun programa encamiñado á información, responsabilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activas dos cidadáns e a formación cidadán sobre a implantación dos servizos obxecto do presente contrato, os seus obxectivos e o bo uso dos mesmos. Este programa contará cunha campaña inicial continuada con actividades de concienciación, divulgación e seguemento durante todo o ano.

Os obxectivos mínimos destas campañas (tanto a inicial como as campañas anuais) serán:

- Dar a coñecer o sistema de recollida selectiva dos residuos xerados na Mancomunidad.
- Sensibilizar os cidadáns da importancia das tres R: reducir, reutilizar e reciclar.
- Fomentar a segregación correcta dos residuos nos fogares e depósito en condicións adecuadas nos colectores destinados a dito fin.

As campañas de sensibilización e concienciación cidadá deberán desenrolarse de modo que todos os veciños dos concellos que conforman a Mancomunidad poidan acceder á información. Estas campañas inclúen actividades de sensibilización escolar,





Mancomunidad de Concellos do Morrazo

**A. PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS PARA O SERVIZO DE  
PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRANSFERENCIA DOS RESIDUOS  
SOLIDOS URBANOS**

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO



## **Capítulo 14 . CONSIDERACIÓNS XERAIS**

As empresas licitadores deberán presentar na súa oferta unha proposta para os servizos de prerrecollida, recollida e transferencia que consideren máis eficaz e económico, e que cumpra coas prescricións e requirimentos deste prego. As propostas incluírán mapas das rutas e da situación dos colectores o máis detallados posible.

Os licitadores definirán con todo detalle o proxecto de organización para cada un dos servizos considerados con suxeición estrita ás condicións establecidas neste prego, de tal xeito, que se cumpra o obxectivo fundamental de recoller todo o lixo xerado nos concellos da Mancomunidade axeitadamente.

Na súa oferta cada licitador deberá presentar un Proxecto de Prerrecollida, Recollida e Transferencia do RSU, que conterá, como mínimo, a seguinte información:

Descrición das rutas e medios a empregar en cada unha delas.

Descrición da recollida nas rutas de estreitos: frecuencia, medios, características.

Descrición da recollida nos espazos onde a normativa non permita a instalación de contedores.

Descrición de reforzo nos meses de verano: incremento de contenedores, localización, ruta.

No anexo V preséntanse as rutas de recollida propostas no Proxecto de Explotación da Mancomunidade que os licitadores poderán utilizar como orientación para propor as súas ofertas. A distribución corresponde a 6 rutas continuas e unha 7ª composta polos circuitos de estreitos dos 3 Concellos, ademais dunha ruta de reforzo no verán.

A adxudicataria da contrata farase cargo das posibles variacións nas rutas (ampliacións de rúas, obras, festividades,...) sen cargo algún para a Mancomunidade. No caso de que se consideren variacións nas rutas que supoñan un incremento ou diminución importante dos custes do servizo, establecerase unha reunión coa Mancomunidade coa finalidade de chegar a un acordo económico. Así mesmo, os reforzos necesarios para facer fronte ao servizo nos períodos de maior produción de lixo non terán custo algún para a Mancomunidade tendo a adxudicataria que asumir todos os gastos que ocasionen.

## **Capítulo 15 . SERVIZO DE PRERRECOLLIDA**

### ***SECCIÓN 1ª.- XENERALIDADES***

A prerrecollida comprende os seguintes traballos:

- A dotación de todo tipo de contedores que se precisen para cada unha das fraccións. O nº de contedores para a fracción resto será como mínimo capaz de soportar



dous días de residuos. O incremento de contedores no verán non suporá coste algún para a Mancomunidad.

- As obras e instalacións que se consideren precisas para a axeitada colocación dos mesmos.
- As operacións de lavado e desinfección coa frecuencia necesaria.
- As reparacións ou substitucións precisas para o mantemento, en condicións axeitadas do mobiliario urbano utilizado: suxeita contedores, bases...etc.

A adxudicataria terá, entre outras, as obrigas que a continuación se expoñen:

- Indicar o número de contedores dos que disporá, diferenciando os existentes e os de nova adquisición, con obxecto de adecuar o número e capacidade dos mesmos ás necesidades reais. Os contedores cedidos deberán ser repostos de forma gradual ata alcanzar a súa reposición total.
- Informar detalladamente mediante os partes diarios da instalación e/ou cambios de ubicación de contedores e das incidencias que se produzan, con indicación das causas que motiven as reposicións.
- Limpar os contedores coa frecuencia necesaria.
- Manter en bo estado de conservación os contedores instalados na vía pública e reemplazalos en caso de deterioro, ben por simple uso, ou a causa da exposición ao lume, accidentes de circulación, roubo, uso incorrecto ou outras causas, no menor tempo posible.
- Establecer os sistemas de vixilancia e control axeitados de forma que poidan detectarse, no menor tempo posible, as incidencias sufridas polos contedores.
- Levar a cabo as labores de mantemento sen que sufra alteración algunha o servizo de recollida de residuos e sen reducir o número de contedores en uso.

## ***SECCIÓN 2ª.- RECIPIENTES E MEDIOS DE CONTENERIZACIÓN***

Os licitadores deberán ter en conta nas súas propostas o número de colectores necesarios e o tipo, segundo o servizo ofertado, en cantidade suficiente e, en ningún caso os de fracción resto, deberán estar situados a máis de 500 m. dunha vivenda. A adquisición de contedores será responsabilidade da adxudicataria.

Os licitadores deberán considerar a necesidade de adecuar un espazo para o almacenamento dos contedores e material auxiliar necesario, presentando nas súas propostas a instalación onde se habilitará dito almacén.

A calidade dos contedores cumprirá coas normas UNE EN-840 e UNE EN-12574 según o contedor de que se trate pero en ambos casos terán corpo e tapas de polietileno virxen de alta densidade inxectado e coloreado en masa, virán identificados por un código de barras e levarán o logotipo da mancomunidad termoimpreso.

Os colectores que deberán habilitarse na vía pública serán:

- Contedor de fracción resto: inclúe todos os residuos que non dispoñen de contedor diferenciado e para os que non se realiza unha recollida específica.



- Contedor de envases
- Contedor de papel e cartón.
- Contedor de vidro.
- Contedor de pilas.

A dotación de contedores será a suficiente para cubrir a totalidade da Mancomunidad e os servizos ofertados. Como mínimo, a dotación de contedores axustarase a actual :

- Resto: Un contedor por cada 50 habitantes, con un mínimo de 2.000 ud
- Vidro: nº habitantes/contedor segundo o descrito no Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecovidro, con un mínimo de 170 ud.
- Papel-cartón: nº habitantes/contedor segundo o descrito no Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, con un mínimo de 190 ud.
- Envases: nº habitantes/contedor segundo o descrito no Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, con un mínimo de 300 ud.

Os licitadores deberán presentar un estudo exhaustivo no que se determinen os puntos de instalacións dos contedores.

No caso dos contedores de pilas, habilitaranse contedores en beirarrúa nos lugares que os licitadores consideren axeitados.

### **SECCIÓN 3ª.-LIMPEZA E MANTENEMENTO DOS COLECTORES**

Os licitadores deberán ter en conta os tipos de contedores considerados nas súas propostas coa finalidade de adquirir os sistemas de limpeza máis adecuados. A limpeza de contedores realizarase coa frecuencia necesaria. Como mínimo os contedores de resto deberán limparse mensualmente en verán e cada dous meses en inverno, segundo se indica a continuación:

- limpeza externa do colector, con retirada de elementos adheridos, deterxentes e aclarado.
- limpeza interior mecánica e/ou manual naqueles que sexa preciso
- limpeza de calzada ocupada polos colectores.

Entenderase como verán o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro ambos inclusive.

O resto dos contedores deberán limparse segundo criterio dos licitadores tendo en conta que, como mínimo, cuatrimestralmente revisarse o estado funcional e de conservación dos mesmos, realizando polo menos os traballos seguintes:

- Limpeza do colector
- Reparación de elementos de identificación e comunicación
- Substitución ou reparación de compoñentes danados



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

#### Reparación de fisuras

Engrase dos mecanismos que o precisen.

Os traballos poderán realizarse “in situ” ou con traslado do colector ao taller, nese caso o traslado será por conta do adxudicatario e deberá quedar no lugar un colector de substitución.

A falta de pezas nos contedores deberá ser repostado no menor tempo posible. En caso de aparición de pintadas, deberán ser eliminadas nun prazo non superior a 72 horas.

Tras un incidente de calquera orde, deberá procederse á reparación dos danos producidos no colector e a realizar os traballos de limpeza e pintado, no seu caso, para deixar o colector en correcto estado funcional e estético.

En caso de dano serio ao colector, será a Mancomunidade quen decida se procede a substitución por un novo.

A empresa adxudicataria deberá elaborar unha ficha de control e inspección enumerando os contedores e a data na cal se realiza o servizo. Estes datos deberán ser remitidos a Mancomunidade nos partes mensuais do servizo.

Dentro do contrato incluírase o mantemento integral dos colectores en servizo na vía pública para que en todo momento atópanse en perfectas condicións funcionais e de estética. Os licitadores presentarán na súa oferta o plan de mantemento dos colectores.

## **Capítulo 16 . SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE**

O servizo de recollida de residuos comprende as prestacións seguintes:

a) Recollida e transporte de lixo e residuos domiciliarios procedentes da normal actividade doméstica nas seguintes fraccións: resto (debidamente embolsados) e vidro, papel-cartón , envases e pilas usadas, depositados nos contedores normalizados instalados ao efecto.

b) Recollida e transporte de lixo de establecementos comerciais, hostalería, restauración, entidades profesionais, hospitais, clínicas, centros de saúde, colexios, etc. que polas súas características, volume e peso poidan considerarse coma residuos domiciliarios embolsados, no caso que corresponda, e depositados dentro dos contedores normalizados instalados ao efecto. Incluso contedores soterrados xa instalados nos 3 Concellos. Deberase describir a recollida das áreas onde non exista contenerización.

c) Recollida e transporte dos residuos procedentes da limpeza urbana e praias sempre que estes poidan asimilarse a lixo domiciliario.

d) Recollida de animais mortos que se atopen nas rúas e transporte de estes aos xestores autorizados.

e) Recollidas especiais de aparellos, mobles e trastes depositados na vía pública e procedentes de solicitudes domiciliarias.



Quedan excluídos do obxecto deste concurso os residuos que se mencionan no artigo 4.2 da Lei 10/1997, do 2 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

O servizo de recollida dos colectores consiste na retirada dos residuos depositados nos contedores normalizados que se atopen no itinerario, nos lugares dispostos ao efecto, depositándoos no vehículo colector e revertendo os recipientes na súa lugar de orixe. A adxudicataria ten a obriga de recoller os contedores así como os residuos que se atopen depositados fora dos colectores nas inmediacións dos mesmos. Naquelas zonas nas cales a normativa superior non permita a colocación de contedores, a adxudicataria estará obrigada a recoller as bolsas de lixo depositadas nas beirarrúas. Cada tipo de residuo será depositado no vehículo correspondente e deberá ser transportado ata o Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidad localizado no Concello de Cangas (Alto de Portela) ou aos centros recicladores, segundo corresponda.

Os vehículos do servizo situaranse no posible de forma que non obstaculicen o tránsito na vía pública e respectarán a ordenación municipal do tráfico, sen que poidan ser estacionados na vía pública.

Os condutores dos vehículos deberán respectar as normas de circulación e deberán realizar o seu traballo intentado ocasionar as menores molestias ao resto de condutores.

Durante as operacións de manipulación ou traslado dos recipientes con lixo non poderá derramarse ningunha clase de residuo e, no caso de que así ocorrese, a adxudicataria está obrigada a que sexa retirado de forma inmediata, quedando limpos os lugares onde se efectúe a recollida.

Unicamente se permitirá o transvase de lixo dun vehículo a outro no caso de vehículos nodriza que actuén como reforzo dos vehículos satélite que realizan a recollida nos estreitos, esta operación só poderá efectuarse nos lugares previamente autorizados pola Mancomunidad. En todo caso, procederase de maneira que non se produzan derrames nin malos olores.

O transporte dos residuos sólidos urbanos á planta de tratamento realizarase no mesmo día da súa recollida, sen que, polo tanto, poidan ser depositados estes residuos noutro lugar.

Os obxectos de valor que o contratista atope durante a realización do servizo deberán ser entregados nas dependencias da policía local.

Cada licitador deberá propoñer as variantes que considere necesarias das rutas de recollida do Proxecto da Mancomunidad, sempre cubrindo a totalidade dos concellos da Mancomunidad e a recollida dos residuos depositados en contedores normalizados instalados ao efecto. Deberán tamén ter en conta os reforzos necesarios para facer fronte a recollida no período de verán.

Así mesmo, aquelas propostas que opten a maior puntuación serán as que presenten melloras nos servizos, con respecto o Proxecto da Mancomunidad, e inclúan tecnoloxía innovadora e respectuosa co medio ambiente no referente aos medios técnicos requiridos para a prestación dos servizos.



## Capítulo 17 . ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Cada licitador deberá presentar na súa oferta base e para cada un dos servizos: horario, frecuencia e período no que se levarán a cabo, así como os medios humanos e materiais implicados en cada un deles. No caso do servizo de recollida, a frecuencia será diaria dende o 15 de xuño ao 15 de setembro e de luns a sábado o resto do ano.

As licitadoras deberán presentar nas súas ofertas como organizarán a recollida dos residuos no período estival, de maneira que se detallarán os reforzos de persoal necesarios, as frecuencias, horarios de recollida e rutas neste período.

Ademais, se na oferta se presenta a distinción entre zona rural e zona urbana, deberá limitarse claramente nun plano cal é, a efectos do concurso, cada unha destas zonas segundo a consideración do licitador, axustándose o máis posible ao recollido polo Proxecto de Explotación da Mancomunidad.

Os licitadores presentarán os horarios e frecuencias de recollida para os diferentes tipos de residuos sendo axeitada ás circunstancias e horarios das actividades nas situacións específicas (festas, mercados, actividades culturais,...) No anexo VI preséntanse, de modo orientativo, as festividades e actividades do ano 2008 que os licitadores deberán considerar para o establecemento dos servizos. Establecerase unha reunión anual onde serán definidos estes servizos e se fixarán os reforzos adicionais para os mesmos sen que isto repercuta nos custos anuais do contrato.

A recollida efectuarase de maneira que se ocasionen as menores molestias posibles ao tráfico e os veciños, se recollan os residuos de maneira axeitada e a súa frecuencia impida que se acumulen os residuos ata o desborde dos colectores. No caso de acumulo de residuos por fóra do colector, a adxudicataria deberá recoller os mesmos e estudar a necesidade de ampliar a frecuencia de recollida ou aumentar o número de contedores necesarios na zona afectada, sen custo algún para a Mancomunidad.

## Capítulo 18 . RECOLLIDA NON DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Inclúense dentro desta clasificación os residuos producidos por actividades industriais, comerciais e de servizo cando o seu volume, peso, contido en humidade ou cantidade impidan a súa catalogación coma residuos domiciliarios. Este servizo comprende:

- Recollida e transporte de residuos asimilables a domiciliarios de mercados, establecementos comerciais e industriais, centros educativos, e edificios ou instalacións públicas.

A adxudicataria deberá realizar a recollida daqueles residuos que sexan asimilables aos domiciliarios e non teñan, dentro de esta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais.

- Recollida e eliminación de residuos voluminosos

Terán a consideración de residuos voluminosos todos aqueles obxectos que sen ser tóxicos nin perigosos non poidan ser recollidos polo servizo normal de recollida de



residuos sólidos urbanos, xa sexa pola súa natureza, dimensións, peso ou outras características.

A empresa concesionaria recollerá de oficio ou a instancia da Mancomunidade todos os mobles, aparellos e trastes inútiles que tiveran sido depositados en calquera punto do casco urbano.

Así mesmo, o contratista deberá levar a cabo a recollida de mobles, aparellos e trastes inútiles de particulares. Esta recollida domiciliaria levarase a cabo mediante petición telefónica ao número de atención cidadán disposto pola adxudicataria, de tal xeito que non transcorra en ningún caso máis dunha semana entre petición do usuario e a retirada por parte da adxudicataria. Estas peticións serán rexistradas na aplicación informática establecida pola adxudicataria á que a Mancomunidade terá acceso.

O licitador establecerá a frecuencia de recollida de voluminosos que considere máis oportuna para a prestación adecuada do servizo.

A adxudicataria deberá entregarlles aos servizos técnicos da Mancomunidade partes e estatísticas da recollida de voluminosos efectuada no parte mensual de traballos realizados.

Os licitadores deberán definir nas súas propostas os xestores autorizados aos que serán destinados estes residuos.

- Recollida e transporte de animais mortos.

Recolleranse e transportaranse todos os animais mortos que se atopen abandonados na vía pública e serán transportados a xestor autorizado. Neste sentido os licitadores deberán definir nas súas propostas o destino elixido.

- Recollida de residuos procedentes da limpeza viaria e demais servizos de limpeza.

En coordinación cos itinerarios, horarios, frecuencias, modalidades, etc. do servizo de limpeza, a adxudicataria recollerá os residuos procedentes da limpeza viaria, sempre que se asemellen a lixo domiciliario.

- Recollida de residuos de poda e xardíns e de arboredo público.

Será obriga da adxudicataria establecer á recollida, carga e transporte dos residuos de poda e xardíns de particulares e admitir os ramallos procedentes da poda do arboredo público, entregados na planta polos organismos correspondientes.

- Recollida e transporte de envases

A adxudicataria estará obrigada a realizar a recollida selectiva dos distintos tipos de envases existentes no mercado. Diseñaranse rutas de recollida dos colectores que procuren a súa enchedura homoxénea, tendo en conta os iglús que teñan un enchido diferente á media tanto inferior como superior. A adxudicataria establecerá a vixilancia e control necesarios do nivel de enchido dos colectores coa finalidade de evitar desbordamentos dos materiais e consecuentes prexuízos a veciñanza.

A frecuencia de recollida dos iglús de envases será a estimada polos licitadores tendo en conta que en ningún caso deberán producirse derrames de materiais por estar o contedor saturado.



A adxudicataria estará obrigada a transportar os envases recollidos a un centro de reciclaxe deste tipo de residuos, correndo pola súa conta todos os gastos.

- Recollida e transporte de papel e cartón

A adxudicataria estará obrigada a realizar a recollida selectiva dos distintos tipos de papel e cartón existentes no mercado. Deseñaranse rutas de recollida dos colectores que procuren a súa enchedura homoxénea, tendo en conta os iglús que teñan un enchido diferente á media tanto inferior como superior. A adxudicataria establecerá a vixilancia e control necesarios do nivel de enchido dos colectores coa finalidade de evitar desbordamentos dos materiais e consecuentes prexuízos a veciñanza.

A frecuencia de recollida dos iglús de papel e cartón será a estimada polos licitadores tendo en conta que en ningún caso deberán producirse derrames de materiais por estar o contedor saturado.

A adxudicataria deberá realizar a recollida porta a porta do cartón comercial nas áreas comerciais e mercados, sen custo algún para a Mancomunidad, se se establece un acordo cos comerciantes.

A adxudicataria estará obrigada a transportar o papel e cartón recollido a un centro de reciclaxe deste tipo de residuos, correndo pola súa conta todos os gastos.

- Recollida e transporte de vidro.

A adxudicataria estará obrigada a realizar a recollida dos iglús destinados para o depósito de vidro. O baleirado dos iglús de vidro efectuarase cando se atopen nos  $\frac{3}{4}$  da súa capacidade. Deseñaranse rutas de recollida dos colectores que procuren a súa enchedura homoxénea, tendo en conta os iglús que teñan un enchido diferente á media tanto inferior como superior. A adxudicataria establecerá a vixilancia e control necesarios do nivel de enchido dos colectores coa finalidade de evitar desbordamentos dos materiais e consecuentes prexuízos a veciñanza.

A frecuencia de recollida dos iglús de vidro será a estimada polos licitadores tendo en conta que en ningún caso se producirán derrames de materiais por estar o contedor saturado

- Recollida de pilas

Colocaranse recipientes para a recollida de pilas en puntos da beirarrúa nas illas de reciclado, distribuídos de maneira proporcional á poboación, intentando que todos os cidadáns dispoñan dun contedor de pilas nun lugar preto o seu domicilio. A adxudicataria retirará as pilas depositadas en recipientes homologados e almacenaralos temporalmente en lugar pechado para a súa posterior entrega a un xestor autorizado.

- Recollida e transporte de todo tipo de residuos sólidos asimilables a urbanos domiciliarios que non teñan, dentro desta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais debido ao seu volume, configuración, etc.





## ANEXO I: PERSOAL LABORAL DE OBRIGADA SUBROGACIÓN

Persoal laboral orientativo de obrigada subrogación correspondente ao mes de setembro de 2009. O convenio de referencia está publicado no B.O.P de día 3 de abril de 2009.

FECHA FIN	PUESTO OPERATIVO ACTUAL	CATEGORÍA	CONTRATO	ANTIGÜEDAD	C. CTO.	CONTRATO
	1 1 Jefe Equipo Noche	Jefe de equipo	INDEFINIDO	01/08/2002	100	Ordinario Indefinido
	2 12 Conductor Noche	CONDUCTOR NOCHE	INDEFINIDO	01/01/2001	100	Ordinario Indefinido
	3 23 Conductor Noche		INDEFINIDO	03/01/2001	100	Ordinario Indefinido
	4 34 Conductor Noche		INDEFINIDO	03/08/2003	189	Conversión en Indefinido
	5 45 Conductor Noche		INDEFINIDO	04/01/2001	150	Fomento empleo
	6 56 Conductor Noche		INDEFINIDO	01/10/2002	189	Conversión en Indefinido
	7 6 13 Peón Noche		INDEFINIDO	13/08/2003	100	Ordinario Indefinido
	8 17 Peón Noche		PEÓN NOCHE	INDEFINIDO	01/01/2001	100
	9 28 Peón Noche	INDEFINIDO		19/04/2001	130	Trabajadores Minusválidos
	10 39 Peón Noche	INDEFINIDO		07/10/2002	150	Fomento empleo
	11 40 Peón Noche	INDEFINIDO		03/01/2001	100	Ordinario Indefinido
	12 511 Peón Noche	INDEFINIDO		23/07/2003	100	Ordinario Indefinido
	13 612 Peón Noche	INDEFINIDO		28/11/2003	189	Conversión en Indefinido
31/10/2009	14 714 Peón Noche	TEMPORAL TODO EL AÑO		16/05/2009		
30/09/2009	15 815 Peón Noche	TEMPORAL TODO EL AÑO		01/07/2009		
31/10/2009	16 9 16 Peón Noche	TEMPORAL TODO EL AÑO	04/02/2009			
	17 117 Conductor Día	CONDUCTOR DÍA	INDEFINIDO	04/06/2001	100	Ordinario Indefinido
	18 218 Conductor Día		INDEFINIDO	01/10/2002	100	Ordinario Indefinido
	19 319 Conductor Día		INDEFINIDO	01/10/2002	150	Fomento empleo
	20 420 Conductor Selectiva		INDEFINIDO	08/01/2001	150	Fomento empleo
	21 5 Conductor Selectiva		INDEFINIDO EXCEDENCIA 200605 A 190610	03/10/2002	100	Ordinario Indefinido
	21 5 21 Conductor Selectiva		SUSTITUTO DE INDEFINIDO EXCEDENTE	02/08/2005	410	Contrato de Duración Determinada
15/09/2008 d	22 1 33 Conductor Playas Verano	PLAYAS	TEMPORAL VERANO	15/06/2009		
	23 122 Peón día	PEÓN DÍA	INDEFINIDO	17/06/2003	189	Conversión en Indefinido
	24 223 Peón día		INDEFINIDO EXCEDENTE 030907 A 020910	13/05/2003	100	Ordinario Indefinido
	24 223 Peón día		SUSTITUTO INDEFINIDO EXCEDENTE	01/10/2007	410	Contrato de Duración Determinada
	25 324 Peón día		INDEFINIDO	03/01/2001	130	
	26 425 Peón día		INDEFINIDO; OBRA O SERVICIO	17/03/2008	401	Por obra o Servicio Determinado
	27 526 Peón día		INDEFINIDO	07/04/2003	100	Ordinario Indefinido
08/10/2009	28 627 Peón día		TEMPORAL TODO EL AÑO	01/07/2009		
21/11/2009	29 7 28 Peón día		TEMPORAL TODO EL AÑO	22/05/2009		
15/09/2008 d	30 1 34 Peón Playas Verano	PLAYAS	TEMPORAL VERANO	15/06/2009		
15/09/2008 d	31 2 35 Peón Playas Verano	PLAYAS	TEMPORAL VERANO	15/06/2009		
	32 1 29 Jefe Equipo Día	Jefe de Equipo	INDEFINIDO	11/05/2001	100	Ordinario Indefinido
	33 1 30 Peón Tarde	PEÓN TARDE	INDEFINIDO; OBRA O SERVICIO	07/01/2009	401	Por obra o Servicio Determinado
	34 1 33 Jefe de Servicio	Jefe de Servicio	INDEFINIDO	05/05/2006	109	Conversión en Indefinido
	35 1 31 Encargado	ENCARGADO	INDEFINIDO; OBRA O SERVICIO	02/01/2008	401	Por obra o Servicio Determinado
	35 1 31 Encargado	ENCARGADO	INDEFINIDO EXCEDENCIA 010505 A 011205 Y 291207 A 281212	02/01/1995	100	Ordinario Indefinido
	36 1 32 Capataz	CAPATAZ	INDEFINIDO	01/01/2001	100	Ordinario Indefinido



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

## **ANEXO II: PLANOS DE IMPLANTACION XERAL**



## **ANEXO III: MATERIAIS, MAQUINARIA E EQUIPOS QUE SE CEDEN EN USO.**

### **.-CONTENERIZACION**

Na actualidade a contenerización da Mancomunidade presenta un estado de abandono considerable, estando a totalidade dos contedores moi sucios e gran parte deles moi deteriorados.

Faise preciso o mantemento e renovación destes elementos que están cuantificados según se recolle a continuación:

- Contedores rsu de 240 l	110 ud
- Contedores rsu de 360 l	20 ud
- Contedores rsu de 800 l	1.585 ud
- Contedores rsu de 1.000 l	350 ud
- Iglú envases	126 ud
- Iglú de papel	235 ud
- Iglú de vidro	184 ud
- Contedores pechados de 40 m3 para transporte	4 ud

Existen ademais 5 puntos con contenerización soterrada repartidos do seguinte xeito:

Bueu, 1 punto no mercado

Cangas, 3 puntos: mercado, praza da Estrela, Concello

Moaña, 1 punto no Con.

### **.- VEHICULOS**

.- PO-0063-BS. Ano 2000

Camión compactador de recollida traseira mediano/grande

.- 8527 BFB. Ano 2001

Camión compactador de recollida traseira grande

.- 8526 BFB. Ano 2001

Camión compactador de recollida traseira grande

.- 6872 BKB . Ano 2001

Camión compactador de recollida traseira mediano

.- 2247 BJP . Ano 2001

Camión compactador de recollida traseira mediano



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

.- 6822 BJH. Ano 2001

Camión compactador con grúa para recollida igloos de selectiva de papel/cartón y envases.

.- 4922 BLK. Ano 2001

Camión compactador con ampliroll para recollida iglús de selectiva vidro

.- PO- 6928 –AX. Ano 1.995

Camión recolector compactador mediano ( 16 m<sup>3</sup> )

.- PO-0050-BS. Ano 2000

Vehículo lavacontedores

.- 9034 BFT. Ano 2001

Furgoneta para recollida de voluminosos

.- 6119 GJW. Ano 2008

Camión compactador de recollida traseira pequeno/mediano

## **.- EQUIPOS DO PROCESO**

Os equipos integrantes do proceso de selección e tratamento do Complexo medioambiental que se ceden en uso, son os seguintes:

- 1.- Remolque extendedor
- 2.- Tractor con pala
- 3.- Trituradora de restos vexetais
- 4.- Pala cargadora articulada
- 5.- Volteadora de compost
- 6.- Alimentador do trommel
- 7.- Trommel de selección
- 8.- Transportador inferior trommel
- 9.- Línea de selección
- 10.- Separador electromagnético
- 11.- Abrebolsas
- 12.- Prensa de rexeites
- 13.- Transportador transversal
- 14.- Prensa de valorizables
- 15.- Báscula
- 16.- Remolque de balas

## **.- EQUIPOS DE TRANSFERENCIA**

- .- Compactador DANIMA, 45 automático



## **ANEXO IV: CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS VEHÍCULOS DO PROXECTO DE EXPLOTACION**

### **Recolectores**

A maquinaria, elixirase de acordo coas funcións que deba realizar, adaptándose aos condicionantes de anchura de rúas, pendentes e características específicas das zonas en que se programe o seu uso. Tamén deberán ser detalladamente descritos e xustificadas na Memoria que os Licitadores achegarán coa documentación necesaria e que comprenda entre outros, os seguintes elementos descritivos:

Os chasis serán debidamente xustificados en función das carrocerías que deberán transportar e accionar. Esta xustificación deberá ter en conta os requirimentos que impón a Lexislación Vixente en materia de pesos e dimensións

As carrocerías serán descritas e xustificadas de acordo cos servizos a prestar, indicando os volumes reais de carga dispoñibles. No caso dos recolectores deberanse describir, ademais, a relación de compactación, elementos de seguridade de acordo cos requirimentos expresos que respecto diso impón a lei vixente, sistemas de control da carrocería, elevadores de colectores polivalentes, sistemas de baleirado e a relación de funcionamento e rendemento do elevador coa carrocería.

Os equipos carrozados e autopulsados serán debidamente xustificados con relación ás súas dimensións e maniobrabilidade, debendo indicar, naqueles que o servizo previsto requírao, a súa capacidade de manobra, achegando os esbozos de xiro correspondentes.

De todos os equipos ofertados deberase achegar un plano de dimensións acoutado, que permita coñecer a definición do vehículo en orde de marcha.

De todos os vehículos de nova adquisición, incluíranse na proposta as emisións contaminantes de HC, NOx, CO e partículas, en gramos/kw x hora dos seus motores, que deben cumprir os requirimentos que respecto diso impón a lei vixente. Así como o referente as potencias acústicas.

### **Lavacontedores**

Cumplirá os requisitos en canto a vehículo se refire e ademais indicará os tempos de ciclo e as presións de traballo, estará preparado para o lavado interior do contedor e incorporará sistema para o lavado exterior. Indicará a capacidade do depósito tanto de auga limpa como sucia e traerá incorporada unha pistola externa.



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

## **ANEXO V: PLANOS DE RUTAS DE RECOLLIDA DOS RESIDUOS**



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

## ANEXO VI: FESTAS E ACTIVIDADES LOCAIS 2007

### BUEU MERCADO MUNICIPAL: LUNS E XOVES POLA MAÑÁ.

FESTAS LOCAIS E PARROQUIAIS	
18 de maio	Festas de Corpus Christi en Bueu
18 de maio	Festas de Corpus Christi en Cela
13 de xuño	Festas de San Antonio en Meiro
4, 5 e 6 de xullo	Festa do Tinto Femia en Cela
11 de xullo	Festas de San Benito en Hermelo
12 e 13 de xullo	Festa do churrasco de Resille
15,16 e 17 de xullo	Festas da Virxe do Carmen en Bueu
25 de xullo	Romaría de Santiago de Hermelo
26 de xullo	Festas de Sta. Ana en Hermelo
24, 25, 26 e 27 de xullo	XI Bueu Mostra
1 e 2 de agosto	Festival de Troula na Banda
15,16 e 17 de agosto	Festas patronais de Cela
15 e 16 agosto	Festas patronais en Beluso
17 de agosto	Festas do Carne en Cela
22, 23 e 24 agosto	IX Festa do Polbo
22,23 e 24 de agosto	Festas de San Xaquín na Illa de Ons
31 de agosto	Festa dos Dolores en Cela
12 e 13 de setembro	Festas de Cabalo
20 e 21 de setembro	Festa de Santa Ifinexia
27 e 28 de setembro	Festas de San Cosme e San Damián na Portela
11 de novembro	Festas de S. Martiño



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

**CANGAS MERCADO MUNICIPAL: MARTES E VENRES POLA MAÑÁ.**

<b>FESTAS LOCAIS E PARROQUIAIS</b>	
Do 13 de xuño ao 11 de xullo	XVI Colectiva de Escultura e Pintura Arte no Morrazo
23 de xuño	Fogueiras de San Xoán
Do 27 ao 29 de xuño	Campionato Nacional de España de Windsurf
Do 3 ao 12 de xullo	XXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Do 4 ao 6 de xullo	Festa do Cristo da Luz en Oia
4 de xullo	VIII Festa da Queimada
12 de xullo	V Xornadas de Graffiti en Cangas
16 de xullo	Festa do Carme - Procesión Marítima
Do 21 ao 27 de xullo	X Salón do Cómico de Cangas
Do 21 ao 27 de xullo	Festa do Carme de Aldán – Procesión Marítima
Do 23 ao 27 de xullo	VIII Feira do Libro
25 de xullo	Festa de Santiago de Donón
26 e 27 de xullo	Festa gastronómica Ría de Aldán
4 de agosto	Festa de Sto. Domingo
6 e 7 de agosto	Festa de San Salvador de Coiro
Do 6 ao 17 de agosto	Argalicia – XVII Mostra de Artesanía en Cangas
10, 11 de agosto	Vilanova
16 de agosto	Danza Tradicional no Hío
16 de agosto	IX Festival Folk en Vilariño
Do 18 ao 21 de agosto	Canjazz Festival de Jazz
23 de agosto	XI Festival Internacional de Folclore no Hío
23 e 24 de agosto	Tradicional Romaría de San Roque do Monte
23 agosto	Festa Gastronómica Degustación de Volandeira
30 de agosto	Certame de Bandas de Música
Do 30 de agosto ao 5 de setembro	Festa do Cristo en Cangas
30 de agosto	XIII Festival Tromentelo en Cangas
Do 6 ao 9 de setembro	Tradicional Romaría de Darbo
8 de setembro	Danza Tradicional de Darbo



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

**MOAÑA MERCADO MUNICIPAL: MÉRCORES E SÁBADO POLA MAÑÁ.**

<b>FESTAS LOCAIS E PARROQUIAIS</b>	
	Entroido
Luns e martes de Pascoa	Romaría da Virxe dos Remedios (Tirán)
24 de xuño	San Xoan (Tirán)
29 de xuño	San Pedro de Domaio
Primeira semana de xullo	Festichán Chan de Arquíña
11 de xullo	San Benito de Domaio
13 e 17 de xullo	Virxe do Carme
Último fin de semana de xullo	Festival Intercéltico do Morrazo
Último domingo de xullo	Romaría Chan de Arquíña (Domaio)
Primeiro domingo de agosto	Festa do Mexillón (Domaio)
10 de agosto	Romaría de San Lorenzo (Domaio)
Segundo Domingo de agosto	A Peregrina (Meira)
22-25 agosto	Festa do Naseiro
24 de agosto	San Bartolomeu (Meira)
10-13 de novembro	San Andrés



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

## **ANEXO VII.- CONVENIOS MARCO DE COLABORACIÓN CON ECOEMBES E ECOVIDRO**

**Nota: Os Anexos a ditos Convenios atópanse dispoñibles na páxina web do SIRGA.**